

CONTIDOS MÍNIMOS

- Identificar as características máis importantes da sociedade da información e da súa influencia na nosa vida cotiá.
- Coñecer as compoñentes esenciais dun ordenador e a súa función.
- Coñecer os principais sistemas operativos e realizar operacións básicas tanto no sistema operativo Windows como en Linux.
- Coñecer e utilizar con fluidez programas de uso frecuente: procesador de texto, tratamento de imaxes, realización de presentacións que incorporen texto, imaxe e son; compresores, correo electrónico, navegadores, música comprimida, arquivos PDF, antivirus, cortafogos.
- Creación e xestión de bases de datos. Creación de consultas, formularios e informes con bases de datos sinxelas e con bases de datos relacionais.
- Coñecemento y manexo de bases de datos documentais.
- Ser capaz de encontrar de forma rápida información a través de internet, utilizando buscadores.
- Coñecer e ser quen de utilizar espazos de traballo colaborativo na rede.
- Coñecer e usar follas de cálculo. Utilizar follas de cálculo para analizar estatisticamente un conxunto de datos.
- Utilizar algún programa de cálculo para a resolución de problemas. Resolución de ecuacións e representación de funcións.
- Coñecer e utilizar programas de deseño e simulación de circuitos: eléctricos e electrónicos, lóxicos dixitais, pneumáticos.
- Coñecer e utilizar programas de deseño vectorial. Realizar deseños en 2D.

CONSIDERACIÓNS XERAIS E CÁLCULO DE NOTAS PARA A AVALIACIÓN DO CURSO

• Para a avaliación do alumnado nesta materia haberá que considerar os coñecementos, ou capacidades cognitivas que o alumnado foi quen de asimilar; deberanse ter en conta as habilidades ou destrezas manuais que foi capaz de acadar; e finalmente, haberase de valorar a actitude mostrada durante as clases cara a materia, o interese demostrado mediante preguntas e actividades así como o respecto polas normas de convivencia establecidas para a comunidade escolar do centro.

- A valoración a efectos porcentuais sobre o total da nota que acade o alumno, ponderarase do seguinte xeito:

• A nota numérica na convocatoria ordinaria (xuño) virá determinada polo traballo do alumno ao longo do curso en diversas actividades (individuais ou de grupo) que serán anotadas convenientemente e polo resultado da cualificación das actividades que se fixen ao longo do curso do seguinte xeito:

• Un 50% virá determinado pola media de todas as cualificacións dos exames que cada alumno ou alumna tivera que realizar ao longo do curso (tanto exames eliminatorios de materia como exames de recuperación). Para aprobar unha avaliación as notas dos exames non poderán inferiores a 4,5, excepto que se superase unha recuperación dos mesmos antes da finalización da mesma.

• Un 10% virá determinado polo comportamento do alumno con respecto aos seus compañeiros, ao profesorado da materia e ao coidado polos materiais e instalacións empregadas.

• Un 40% virá determinado polo caderno de clase. Anotacións feitas de traballos individuais diarios, corrección das actividades na clase, presenza do material necesario para o desenvolvemento da clase (fotocopias, arquivos...)

- Na convocatoria extraordinaria (setembro)

- alumnado será avaliado exclusivamente polo exame extraordinario.